

NORMAS PARA OS PARTICIPANTES

- A X Carreira Popular Arumes do Corgo: Memorial Quique Casanova é unha proba oficial da Federación Galega de Atletismo.
- O idioma empregado pola organización da proba deportiva, tanto a nivel oral como escrito, será o galego.
- Non se autorizará a participación de atletas estranxeiros, agás os portugueses que non foran internacionais co seu país.
- Non se admitirán inscricións fóra de prazo e sen os datos obrigatorios.
- A recollida do dorsal para disputar a carreira, poderá facerse o día da proba no posto da organización dende as 16:30 h ata ½ hora antes do inicio da carreira correspondente.
- Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:
 - ❖ Non respectar as indicacións dadas pola organización.
 - ❖ Non realizar todo o circuíto da carreira.
 - ❖ Non levar dorsal ou manipular este.
 - ❖ Falsificar datos persoais.
- Os participantes que circulen fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin da proba consideraranse usuarios normais da vía, e non lles será aplicado esta normativa especial.
- Todos os participantes que obteñan premios nas diferentes categorías deberán, se for preciso, presentar o DNI ou calquera outro documento acreditativo da idade correspondente á categoría.
- A organización da proba non se fai responsábel dos danos morais e materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así coma das negligencias o imprudencias que poidan cometer durante o transcurso da mesma.
- As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por este poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60 euros ao Xurado de Apelación.
- A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellasen (informando oportunamente).

- Todos os participantes teñen a obriga de cumprir as normas particulares do regulamento da proba.
- Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.